



Plan de Fomento da Lectura

fonteboa
centro de promoción rural - efa
Educación Secundaria Obligatoria e Formación Profesional



1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

O plan para o fomento da lectura e desenvolvemento da comprensión lectora deseñado polo centro EFA Fonteboa, xustifícase, de maneira xeral, na necesidade básica de programar e mellorar as actividades e os recursos que adicamos á lectura.

Se temos en conta que os datos obtidos a través da información fornecida polo alumnado, polos informes de avaliacións iniciais e polas propias familias que mostran que a maior parte do alumnado que chega ao centro, non ten hábito de lectura nin manifesta interese pola mesma, fai necesario o deseño dun plan para favorecer a motivación e o interese pola mesma, entendendo o hábito lector como un proceso vivo de adquisición de competencias e capacidades, capaz de abrírlle ao alumnado un novo horizonte laboral onde sexa que vaia, pois a lectura é unha ferramenta para o enriquecemento persoal e colectivo.

A maior parte do alumnado que chega á EFA Fonteboa provén de áreas rurais de Galicia ou núcleos periurbáns próximos, polo tanto a súa principal lingua vehicular é o galego, polo que un dos obxectivos deste plan é fomentar a lectura nesta lingua, pero, sobre todo reforzala tamén en lingua castelá e mesmo, na medida do posible, en inglés e francés.

Polo tanto o plan de fomento da lectura constitúe un conxunto de actividades, xogos e estratexias que facilitan, pouco a pouco o contacto cos libros e que permite a través do placer da lectura, a creación, a formación e a consolidación dun hábito lector permanente e necesario para a formación integral das persoas.

2. OBXECTIVOS DO PLAN

O noso alumnado ten un hábito lector baixo, polo tanto, transmitirle o interese pola lectura aumentará as súas posibilidades de éxito e potenciará a súa motivación por ler e a aprendizaxe autónoma. Como docentes é a nosa labor converter ao noso alumnado en persoas capaces de enfrontarse ao mundo con autonomía plena, liberdade e capacidade crítica, e tan só mediante a lectura poderán acadar estes obxectivos.

2.1 Obxectivos xerais

- Fomentar no alumnado o interese pola lectura e desenvolver o hábito lector

- Favorecer a comprensión lectora dende todas as áreas, ámbitos e módulos do currículo
- Fomentar no alumnado a lectura como actividade de ocio e disfrute.
- Promover a colaboración e participación das familias e outros membros da comunidade educativa nas actividades derivadas do plan de fomento da lectura
- Estimular o uso de fontes documentais complementarias ao libro de texto, tanto en soportes impresos como en soporte dixital e audiovisual
- Potenciar o uso e a dinamización da biblioteca do centro
- Fomentar no alumnado unha actitude reflexiva e crítica mediante o tratamento da información
- Contribuir ao desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado
- Reforzar a figura dos medios audiovisuais e dixitais como medios de apoio á lectura

2.2 Obxectivos específicos

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura en todas as áreas
- Ler con fluidez e entoación adecuada textos adaptados as diferentes idades
- Comprender textos literarios e xéneros diversos
- Leer en voz alta no centro
- Realizar actividades despois da lectura relacionadas coas distintas áreas do currículo para constatar o valor da literatura como fonte permanente de coñecemento
- Mellorar coa lectura as propias capacidades comunicativas (falar, escoitar, ler e escribir)
- Fomentar a lectura como medio para ampliar vocabulario e fixar a ortografía
- Mellorar a expresión oral
- Utilizar as ferramentas e recursos da biblioteca escolar
- Apreciar a lectura como unha ferramenta para obter información
- Integrar a lectura na dinámica da clase
- Valorar a lectura como un elemento de ocio e disfrute
- Aumentar o número de libros lidos por cada alumno/a ao longo do curso escolar

3. CONTIDO

3.1 Actividades xerais

Actividades dirixidas a fomentar o interese pola lectura e a desenvolver a comprensión lectora dende todas as áreas curriculares.

- Lectura de libros no centro: lecturas recreativas, científicas, comprensivas, fantásticas, de aventuras, sentimentais ou heroicas
- Resumos dos libros lidos para demostrar comprensión literal e global
- Realización de debuxos, cómics ou murales relativos a esceas do libro lido
- Lectura e comentario do xornal na aula como instrumento para favorecer actividade comprensiva
- Comentario de texto sobre libros e textos
- Invención de historias baseadas en libros lidos e traballados na aula
- Visionado de películas baseadas dos libros e análise
- Representación dalgunha escena ou parte do libro lido
- Recollida de contos, lendas e ditos propios da literatura popular galega
- Organización de encontros do alumnado virtuais e presenciais con autores/as, periodistas e outros profesionais relacionados co mundo das letras
- Obradoiros sobre poesía e cancións: traballo dunha canción representativa das diferentes linguas estudadas no centro
- Realización polo alumnado de relatos para participar no certame de “Contos de primavera”
- Creación de “A voz de Fonteboa”, boletín dixital de novas feitas polo alumnado
- Coñecemento do funcionamento dunha biblioteca a través da utilización da biblioteca do centro
- Organización de exposición de traballos sobre os principais autores /obras de diferentes países, que representen as linguas que se estudan no centro : galego, castelán, inglés e francés.

A celebración de días especiais convértese nunha actividade básica do Plan, adicando, mesmo nalgún caso, unha semana a traballar de xeito transversal a temática:

- 30 de xaneiro: día da Paz
- 23 de febreiro: día de Rosalía de Castro
- 8 de marzo: día internacional da muller – Semana da prensa
- 23 de abril: día mundial do libro – Semana do libro
- 17 de maio: Celebración do día das letras galegas – Semana das letras galegas
- 15 de outubro: día da muller rural
- 6 decembro: día da Constitución
- 20 decembro: celebración do nadal

Con motivo destas celebracións organízanse diferentes actividades: lectura de poemas e textos, realización de vídeos, murais, visitas a lugares de referencia, lanzamento do boletín informativo, dramatización de textos ou obras entre outras moitas.

3.2 Actividades adaptadas para o alumnado con necesidades educativas específicas

- Traballo con libros específicos que sexan adaptados para o perfil do alumnado, que poidan ler sen moita dificultade pola súa menor complexidade gramatical, vocabulario...
- Traballo de reforzo individualizado na lectura comprensiva
- Creación de grupos procurando a súa participación na lectura en voz alta e posterior análise do texto/libro lido
- Facilitar a súa participación en dramatizacións e/ou obras de teatro adaptadas ás súas características
- Integrar ao alumnado nas actividades deseñadas no centro: visitas, encontros,...

4. RECURSOS DO CENTRO

4.1 Recursos humanos

- **Profesorado do centro:** encargase e responsabilízase da organización, desenvolvemento, seguimento e avaliación de todas as actividades. Todo o persoal do centro está implicado ao tratarse dunha actividade plenamente transversal.
- **As familias:** colaboran activamente en diferentes actividades, procuran os libros para o alumnado, participan nas donacións para o fondo de libros da biblioteca, na asistencia a actos e na recollida de información sobre temáticas diversas (cultural, gastronómica, etc) por parte do alumnado.
- **Autores, ilustradores, periodistas e outros profesionais** relacionados co mundo das letras que interveñen ao longo das diferentes accións programadas no plan.
- **Asociacións, fundacións, concellos, empresas, etc** que facilitan a organización de eventos culturais para promover a motivación da xuventude pola lectura e escritura, así como a preservación da cultura e a tradición popular en Galicia.

4.2 Recursos materiais

- **A biblioteca do centro**

Reúne obras literarias de diferentes épocas e tamén outro tipo de libros ou material de carácter informativo sobre variadas temáticas, relacionadas sobre todo coa agricultura e aspectos vencellados ao mundo rural

Os libros están organizados de xeito a que sexan fácilmente identificables e accesibles ao alumnado, para o que hai un equipo responsable da súa catalogación, reposición ou substitución. Este equipo fai tamén un seguimento da utilización da biblioteca polo alumnado.

- **Recursos TIC**

O centro dispón de ordenadores á disposición do alumnado, facilitando o acceso aos recursos literarios e informativos que existen en internet, así como para a realización de traballos e consulta de documentos audiovisuais.

Tamén inclúe o material audiovisual para a realización e difusión das diferentes actividades no propio centro, nas redes sociais, web institucional e outras.

O centro dispón de wifi en todas as dependencias que permite o acceso aos contidos en liña en todo momento.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O plan deseñado será avaliado trimestralmente, analizando a súa posta en práctica, a consecución dos obxectivos e propoñendo melloras para o seguinte trimestre.

Tamén se valorará o grao de satisfacción do profesorado implicado no seu desenvolvemento. Analizaranse as dificultades atopadas e traballarase nas posibles solucións ou medidas correctoras a adoptar.

Esta valoración xunto coas aportacións extraídas das diferentes avaliacións ao longo do curso escolar, servirá ao equipo coordinador do plan para elaborar un informe de avaliación final que formará parte da memoria final do centro.